



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Don **ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde do Concello
de **TORDOIA (A Coruña)**

FAI SABER:

Que pola Orde do 7 de decembro de 2018 se autoriza a a Fundación Galicia Europa para conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para realizar prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea (DOG n.º 242 do 28/12/2018), e, polo Anuncio do 28 de decembro de 2018 polo que se convocan **seis bolsas para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea** (DOG n.º 248 do 31/12/2018)

Obxecto: Regular as condicións polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas de formación, para persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea nas oficinas da Fundación Galicia Europa (FGE) en Santiago de Compostela e en Bruxelas.

Duración e modalidades: terá unha duración máxima de once meses:

1. Tres bolsas destinadas a persoas cun título universitario para a súa formación en asuntos comunitarios desde unha perspectiva galega. Unha delas desenvolveranse na oficina da FGE en Santiago de Compostela e dúas na oficina de Bruxelas.
2. Duas bolsas destinadas a persoas cun título universitario para a súa formación en comunicación das políticas comunitarias, das actividades da FGE e da participación galega en asuntos europeos. Unha delas desenvolveranse na oficina da FGE en Santiago de Compostela e a outra na oficina de Bruxelas.
3. Unha bolsa destinada a persoas cun título de técnico superior de formación profesional para a realización de prácticas de secretariado e apoio administrativo con destino na oficina de Bruxelas.

Contías: Para as bolsas con destino na oficina da FGE en Santiago de Compostela: Retribución bruta (pagamento ao bolseiro): 12.050 €, e Seguridade Social: 422,88 €. Para as bolsas con destino na oficina da FGE en Bruxelas: Retribución bruta (pagamento ao bolseiro): 14.620 €, Axuda de desprazamento para gastos de viaxe (pagamento ao bolseiro): 500 € e Seguridade Social: 422,88 €.

Solicitudes: Presentaranse obligatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da correspondente convocatoria no DOG. Ata o 31 de xaneiro de 2019.

Tordoia a 8 de xaneiro de 2018

O alcalde

